



**Área de Xustiza Social e Coidados**  
**Servizo de Promoción Social e Igualdade**

**CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DE PREVENCIÓN E COOPERACIÓN SOCIAL DOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS.**

***Preinscrición en actividades:***

1. Terán prioridade as persoas solicitantes que estean empadroadas no municipio da Coruña no momento da presentación da solicitude da preinscrición de cada convocatoria.
2. As persoas participantes nas actividades deberán ter a idade esixida nas condicións de cada actividade. Esta esixencia de idade computarase na data de presentación da solicitude da preinscrición.
3. As solicitudes de preinscrición deberán presentarse no modelo oficial, que se poderá obter en calquera dos centros cívicos municipais da cidade.
4. O impreso de preinscrición deberá presentarse no centro cívico que oferte as actividades solicitadas e dentro do prazo establecido para cada convocatoria.
5. Cada solicitante só poderá presentar un impreso de solicitude de preinscrición por centro cívico, cun máximo de tres actividades.
6. No momento da súa presentación no centro cívico correspondente a cada impreso de solicitude asignaráselle un número. No caso de detectarse que algunha persoa presente máis dun impreso de solicitude de preinscrición nun mesmo centro cívico, darase por válida a que teña o ordinal máis alto, é dicir, a última solicitude que se presentou -entendendo que se trata dunha modificación- e anularanse todas as anteriores.
7. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes de preinscrición, realizarase un sorteo público en cada centro cívico para a asignación de prazos dispoñibles e a elaboración das listas de espera. As listas de persoas admitidas nas actividades e as listas de espera elaboraranse por rigorosa orde correlativo, a partir do número resultante do sorteo público.
8. No caso de que o número de solicitudes para unha actividade non superase a oferta de prazos, e sempre que se dea o número de solicitudes mínimo esixido para o desenvolvemento da actividade, non será necesaria a realización do sorteo público. Como criterio xeral, necesitaranse un mínimo de oito solicitudes (preinscricións).



## **Área de Xustiza Social e Coidados**

### **Servizo de Promoción Social e Igualdade**

9. Se a actividade non reúne o número mínimo de solicitudes de participantes previsto na programación municipal (preinscricións) e reflectido no apartado anterior, o equipo técnico de Servizos Sociais poderá acordar a supresión da actividade afecta.

10. As listaxes de participantes admitidos de cada centro cívico, así como as listas de espera, expoñeranse no taboleiro de anuncios do centro cívico correspondente. Tamén poderán consultarse na páxina web de Servizos Sociais, ou no teléfono de información municipal 010.

#### ***Inscrición en actividades:***

11. Unha vez comprobada a súa inclusión na listaxe de persoas admitidas deberán retirar, no centro cívico, o impreso municipal de autoliquidación de taxas, necesario para poder aboar, na entidade bancaria e no número de conta que figuran no propio impreso, o prezo público que corresponda.

12. Para a formalización da inscrición definitiva nunha determinada actividade as persoas incluídas na listaxe de admitidos e admitidas deberán presentar, no mesmo centro cívico no que se realiza a actividade, o resgardo do impreso municipal de autoliquidación de taxas no que conste que fixeron o abono do prezo público correspondente. Este trámite de presentación deberá realizarse, necesariamente, dentro do prazo e horarios establecidos para a inscrición en cada convocatoria; de non ser así, perderase o dereito á praza na actividade.

13. Os prezos públicos correspondentes a cada actividade fíxanse de acordo coas tarifas vixentes aprobadas na Ordenanza Fiscal nº 43, reguladora do prezo público por prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, de lecer e análogas de titularidade municipal (ordenanza fiscal publicada no BOP da Coruña de 28/12/2012) ou da ordenanza municipal que a substitúa.

14. Non se admitirá a inscrición definitiva dunha mesma persoa na mesma actividade en centros cívicos diferentes. De darse o caso, procederase á anulación de todas as inscricións desta persoa na devandita actividade.

15. Entenderase que unha persoa previamente admitida nunha actividade renuncia á devandita praza nos casos seguintes:

- Cando non reúna os requisitos e condicións adecuadas para a realización da actividade (apartados 1 e 2).
- Cando a persoa non realice o pago do prezo público ou non presente o documento acreditativo do devandito pago (autoliquidación de taxas), nin formalice a inscrición no centro cívico municipal, no prazo e horario indicados en cada convocatoria (apartados 11 e 12).
- Cando a persoa participante acumule máis de seis faltas de asistencia (apartado 16).



## **Área de Xustiza Social e Coidados**

### **Servizo de Promoción Social e Igualdade**

16. No desenvolvemento de cada actividade, só admitiranse un máximo de seis faltas, consecutivas ou non, en cada convocatoria.

#### ***- Reserva para persoas beneficiarias de programas sociais do Concello:***

17. O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Xustiza Social e Coidados, resérvase o 20% do total das prazas ofertadas en cada actividade para as persoas beneficiarias de programas sociais. Estas prazas xestionaranse a través dos equipos técnicos de servizos sociais encargados do programa de actividades socioculturais de prevención e promoción social.

#### ***- Xestión da lista de espera:***

18. As persoas solicitantes que se atopen en lista de espera serán avisadas telefonicamente no mesmo orde no que aparezan no listado. Devandito aviso realizarase mediante un máximo de dous intentos de chamadas telefónicas, en distinta franxa horaria, ao teléfono que a persoa solicitante indicase no impreso de preinscrición.

Cando se chame ás persoas incluídas na lista de espera e non se consiga contactar, despois de realizados dous intentos de chamada telefónica, perderase o dereito á praza.

Unha vez iniciada a actividade e superado o 30% das horas de docencia, a incorporación da lista de espera realizarase previa valoración do equipo técnico de servizos sociais, tendo en conta o contido da actividade e garantindo que as novas incorporacións non retarden o seu desenvolvemento.

#### ***-Criterios adicionais:***

19. A presentación da solicitude de participación nas actividades supón aceptar todos e cada un destes criterios e as condicións establecidas para cada actividade, así como o estrito cumprimento do seu horario e das directrices e instrucións marcadas polo persoal técnico municipal e polo monitorado responsable.

20. Se unha actividade non reúne o número mínimo de participantes previsto nas condicións de cada actividade, o equipo técnico de servizos sociais poderá acordar a súa supresión. Neste caso procederíase á devolución do prezo público abonado ás persoas afectadas, previa presentación individualizada da correspondente solicitude.

21. As persoas usuarias e participantes nas distintas actividades socioculturais están obrigadas ao bo uso e conservación dos espazos, medios ou material que utilicen.



**Área de Xustiza Social e Coidados**

**Servizo de Promoción Social e Igualdade**

22. Calquera información relevante relativa ás actividades obxecto de convocatoria comunicarse a través do taboleiro de anuncios do Centro Cívico no que se realicen ou na sección correspondente da páxina web de Servizos Sociais, segundo a súa relevancia e efectos.

Concellaría de Xustiza Social e Coidados

Concello da Coruña